



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A FUNDACIÓN GALEGA CONTRA O NARCOTRÁFICO PARA A O FINANCIAMENTO DE ACTIVIDADES E LIÑAS DE TRABALLO DE LOITA CONTRA O TRÁFICO DE DROGAS E A XESTIÓN DE BENS COMISADOS EN DELITOS CONTRA O NARCOTRÁFICO E CONEXOS

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de xustiza en virtude do artigo 20 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril. É desexo desta Consellería a realización de todas aquelas actuacións coas que se poida acadar a maior eficacia en relación cos temas da Administración de Xustiza en xeral, segundo as funcións que lle atribúe o Decreto 136/2024, do 20 de maio, que establece a súa estrutura orgánica.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos o fomento daquelas actividades que, promovidas por entidades sen fins de lucro, presten apoio e promovan a dotar de maior exemplaridade ás accións da sociedade fronte ao narcotráfico.

Antecedentes: Dende o ano 2015, asináronse anualmente convenios de colaboración coa Fundación Galega contra o Narcotráfico que tiñan por obxecto establecer as bases da colaboración entre a Xunta de Galicia e mais a Fundación Galega contra o Narcotráfico para o estudo, deseño e implantación por esta de fórmulas que permitan optimizar a xestión dos bens comisados ao narcotráfico e delitos conexos e o desenvolvemento de actividades e liñas de traballo da Fundación para loitar contra o tráfico de drogas en Galicia.

Finalidade: Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa Fundación Galega contra o Narcotráfico o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o cumprimento, polas partes, das obrigas asumidas. En ningún caso excederá do 31 de decembro de 2026.

O convenio ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre a e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, e a Fundación Galega contra o Narcotráfico para o impulso de fórmulas que permitan optimizar a xestión dos bens comisados ao narcotráfico e delitos conexos, de modo que a Fundación poda desenvolver a articulación coordinada dunha serie de actuacións de ofrecemento de colaboración e auxilio ás autoridades xudiciais e a outros axentes implicados nas tarefas de xestión, depósito e realización anticipada dos bens mobles incautados en procesos de narcotráfico e delitos conexos instruídos en Galicia, e para o financiamento de actividades e liñas de traballo da Fundación no ámbito xeral da loita contra o tráfico de drogas en Galicia, como son a organización da realización en Galicia de foros profesionais, o desenvolvemento de programas, campañas e accións de información e sensibilización da sociedade fronte ao narcotráfico, a axuda e asesoramento a drogo dependentes e as súas familias, a colaboración coas forzas de seguridade e profe-

Dirección Xeral de Xustiza
R/ Madrid 2-4, 2ª planta
15781 Santiago de Compostela





sionais do ámbito xudicial para o estudo e proposta de melloras operativas no ámbito da loita contra o narcotráfico en Galicia, entre outras.

O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

- A Fundación Galega contra o Narcotráfico é unha entidade privada sen ánimo de lucro que naceu en Vilagarcía de Arousa no ano 2002, continuando na liña de traballo que viña realizando a Plataforma Galega contra o Narcotráfico, asociación sen ánimo de lucro rexistrada co número 141.003 no Rexistro Nacional de Asociacións. Por medio de acta notarial outorgada o 24 de xaneiro de 2002 disólvese a plataforma e constitúese a Fundación Galega contra o Narcotráfico, aprobándose os seus estatutos.
- A Fundación ten por obxecto a loita contra o tráfico ilícito de drogas e as súas consecuencias na sociedade galega (principalmente de orde sanitaria, económica, social e de seguridade), a través de diversas actividades e eixes de traballo. Con este fin, a fundación desenvolve iniciativas en distintas áreas, entre as que destacan as actuacións de loita contra o narcotráfico e delitos conexos dende a sociedade civil en colaboración permanente coas forzas e corpos de seguridade do Estado e mais coas diversas administracións con competencias na materia, tal e como se recolle nos seus estatutos, así como tamén a celebración de xornadas e foros de debate, a elaboración de propostas legislativas e outras actividades.
- Á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, de conformidade co disposto no Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica, correspóndenlle, entre outras, as competencias en materia de asociacións e fundacións, sendo unha das súas liñas prioritarias o fomento daquelas actividades que, promovidas por entidades sen fins de lucro, presten apoio e promovan a dotar de maior exemplaridade as accións da sociedade fronte ao narcotráfico e delitos conexos.
- Conforme o establecido no artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública, xa que a Fundación Galega contra o Narcotráfico é a única fundación que realiza na súa zona xeográfica actividades específicas de loita contra o narcotráfico a través da colaboración coas forzas e corpos de seguridade, con profesionais do eido xudicial e coas administracións e organismos con competencias na materia, o que supón por parte da Fundación Galega contra o Narcotráfico a asunción dunha serie de obrigas económicas e de traballo.

Financiamento: a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, achegará á Fundación Galego contra o Narcotráfico a cantidade máxima de TRINTA E SEIS MIL CINCOCENTOS EUROS (36.500,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 05.03.131A.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2026, como contribución aos gastos soportados pola Fundación pola realización do seu proxecto de actividades. Esta achega económica realizarase nos termos requiridos no artigo 48 do Decreto 11/2009 do

Dirección Xeral de Xustiza
R/ Madrid 2-4, 2ª planta
15781 Santiago de Compostela





8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, incorporando:

1. Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
2. Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterà:
 - a) Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago. No caso de que a subvención outórguese conforme un orzamento, indicaranse as desviacións producidas.
 - b) As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pago.
 - c) Certificado de taxador independente debidamente acreditado e rexistrado no correspondente rexistro oficial, no caso de adquisición de bens inmoables.
 - d) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/o indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a), salvo naqueles casos en que as bases reguladoras da subvención previsen a súa compensación mediante un tanto alzado sen necesidade de xustificación.
 - e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
 - f) Os tres presupostos que, en aplicación do artigo 29.3º da Lei de subvencións de Galicia, deba solicitar o beneficiario.
 - g) No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados destes.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital
O director xeral de Xustiza
José Tronchoni Albert

Dirección Xeral de Xustiza
R/ Madrid 2-4, 2ª planta
15781 Santiago de Compostela

